



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O proxecto europeo **FORTISSIMO 2** no que participa o **Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)**, en cuxo padroado se atopa GAIN, está a buscar novos experimentos sobre aplicacións baseadas en HPC e Big Data que complementen as actividades actuais do proxecto e que estén enfocados a resolver necesidades de negocio de **PEMEs ou mid-caps (de mediana capitalización) do sector da enxeñaría ou da manufactura.**

O obxectivo fundamental do proxecto é promover a adopción de tecnoloxías avanzadas de modelización, simulación e análise de datos polas PEMEs europeas no sector da manufactura. Os experimentos permitirán estender e demostrar o potencial de negocio dun ecosistema de **servizos HPC-Cloud** especificamente para aplicacións que inclúan ben simulacións acopladas de procesos físicos ou high-performance data analytics.

Os experimentos seleccionados optarán a un **financiamento de até un máximo de 250.000 euros** e o orzamento total previsto para a convocatoria é de **1,31 millóns de euros**. As empresas participantes terán a posibilidade, ademais, de beneficiarse do coñecemento de expertos en HPC e o software asociado e obter ademais unha forma fácil de acceder a ferramentas software e hardware.

A convocatoria pública de experimentos **pecha o vindeiro 18 de maio**. Se desexa recibir máis información así como propoñer casos de uso, pode poñerse en contacto co CESGA no enderezo de correo electrónico fortissimo@cesga.es. Para información adicional sobre a convocatoria: www.fortissimo-project.eu/calls

Co obxectivo de presentar esta convocatoria, haberá unha sesión informativa o **venres 18 de marzo** ás 12h no CIS Galicia (A Cabana s/n, Ferrol). Podes inscribirte a través da seguinte **ligazón**.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos ata o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.